



Con data do 23/05/2022 pola Alcaldía procedeuse a ditar a resolución 112/2022 de aprobación da oferta de emprego público extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego co seguinte contido:

ASUNTO: Aprobación de oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/E003/000001

ANTECEDENTES:

Visto o informe de Secretaría, na que se especifica as prazas existentes para estabilización de emprego temporal.

Considerando o informe anteriormente citado que obra no expediente. Efectúase, previa negociación coa mesa xeral negociadora, que tivo lugar o **20 de maio de 2022 na casa do concello de Cerdido**, na que se someteu a negociación a devandita oferta extraordinaria de emprego público 2022,

Tendo en conta, a seguinte lexislación aplicable:

- O artigo 2, Disposición adicional primeira, cuarta, quinta, sexta, oitava e novena, e a Disposición transitoria primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Os artigos 10, 11, 37, 69 e 70, e a Disposición Adicional Cuarta do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- O artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Os artigos 91 e 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a oferta extraordinaria de emprego público deste Concello para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, que contén as seguintes prazas:

DENOMINACION PRAZA	CATEGORIA	Nº PRAZAS	SITUACION LABORAL	CONCURSO-OPOSICIÓN (Art 2 LEI 20/2021)	CONCURSO (DA 6ª e 8ª LEI 20/2021)
Auxiliar de	Grupo V	4	Xornada		X

Axuda no Fogar				completa		
Auxiliar de Axuda no Fogar	Grupo V	2		Xornada parcial (pasará a xornada completa no seu momento)		x
Animadora Sociocultural	Grupo III	1		Xornada completa		x
Encargado maquinaria	Grupo IV	1		Xornada completa		x

SEGUNDO.-Publicar a oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Cerdido no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello <https://cerdido.org> e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

TERCEIRO.-A publicación da convocatoria para a cobertura das prazas incluídas na oferta para a estabilización temporal deberá ser antes do 31 de decembro de 2022 e a súa resolución antes do 31 de decembro de 2024.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

Recursos.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante o alcalde-presidente polo prazo de 1 mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, de conformidade co disposto nos artigos 46 e concordantes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, ao abeiro do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.